

## Estadística de construcción de edificios. Abril 2007

### COMUNICADO

### Proseguen as elevadas taxas de crecemento interanual das vivendas a crear de nova planta.

**En abril de 2007 a variación neta do parque de vivendas aumentou un 50,1% con respecto a abril de 2006**

A variación neta do parque de vivendas en abril de 2007 foi de 3.456 unidades, supoñendo un aumento do 50,1% fronte á rexistrada en abril de 2006. No que vai de ano o crecemento con respecto ao mesmo período do ano anterior é do 53,8%.

Este forte crecemento de abril de 2007 débese ao crecemento das vivendas a crear en nova planta, que presenta unha taxa interanual de 47,2% e das vivendas a crear en rehabilitación, que aumentan un 95,2%. As vivendas a demoler, que crecen un 3,4%, minoran o crecemento do parque de vivendas.

#### Estadística de construcción de edificios. Abril 2007.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> )	630	40,0%	49,0%
Variación neta parque de vivendas (número)	3.456	50,1%	53,8%
Vivendas a crear			
Vivendas a crear en nova planta	3.425	47,2%	56,8%
Vivendas a crear en rehabilitación	121	95,2%	-26,6%
Vivendas a demoler	90	3,4%	25,7%
<b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>			
Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> )	642	34,0%	47,7%
Vivendas a crear en nova planta	3.489	41,0%	55,5%

Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construcción de edificios


**A superficie total da edificación de nova planta creceu un 40,0% en abril de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

En abril de 2007 a superficie total a edificar presenta unha taxa de variación interanual do 40,0%, crecemento que se observa tanto na superficie destinada a vivenda, taxa interanual do

37,6%, como na non residencial que mostra un aumento interanual do 57,4%. Corrixida de efecto calendario a superficie total aumenta un 34,0%.

No que vai de ano o crecemento da superficie total de nova planta é do 49,0% con respecto ao mesmo período de 2006, en termos de datos corrixidos de efecto calendario o crecemento acumulado nos catro primeiros meses de 2007 é dun 47,7%.

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual da superficie total de edificios de nova planta dende 1996.



Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>